



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 452/2009

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, 41.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2.a) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Extraordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	EXTRAORDINARIA
Data da Sesión:.....	29 de decembro de 2009
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	8:30 horas
<i>(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)</i>	

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2010.**
- 2. SEPARACIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE MESÍA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES. ACORDOS QUE PROCEDAN**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 23 de decembro de 2009.

O Alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

Ante min,

O Secretario-Interventor,

D Eladio Bendaña Pardo.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2009.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asisten e se excusan:

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 29 de decembro de 2009, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2010.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario, que fai lectura da proposta que o seu teor literal di:

“Visto o Proxecto dos Orzamentos Xerais do Concello para o exercicio económico 2010 formado por esta Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990, informado pola Secretaría – Intervención deste Concello e cos documentos os que fai referencia o artigo 166 do Texto Refundido.

O Presidente desta Corporación propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do concello de Mesía para o exercicio 2010, xunto cos seus anexos e documentación complementaria, que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, expresados en euros, o seguinte desglose. Ademais apróbase a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2010.

ORZAMENTO XERAL ANO 2010.

ESTADO DE INGRESOS

A) INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	282.000,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	40.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	172.044,86 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.218.251,47 €
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.614,94 €
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	407.615,08 €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL ORZAMENTO XERAL		2.131.526,35 €

B) GASTOS, RESUMES POR CAPÍTULO		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	855.235,55 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	634.621,38 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	4.577,57 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	81.695,51 €
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	534.461,15 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	18.935,19 €
TOTAL ORZAMENTO XERAL		2.131.526,35 €

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Situación
Secretario- Interoentor	1	A1/A2	HE	Propiedade
Administrativo	2	C1	A.Xeral	Propiedade
Aux. Administrativo	1	C2	A.Xeral	Vacante
Subalerno	1	E	A.Xeral	Propiedade



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	2	1
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	4	1
Auxiliar axuda no fogar	7	3
Electricista	1	1
Monitor deportivo	1	1
Monitor tempo libre	1	1

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL SUBVENCIONADO

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Traballadora social	1	0
Educadora social	1	0
Auxiliar servizos sociais	2	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorristas	3	3
Auxiliar axuda no fogar	6	0
Técnico normalización lingüística	1	0

D) PERSOAL EVENTURAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Persoal de confianza	1	1

Segundo. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2010.

Terceiro. Expor o público o presente acordo e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Cuarto. O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP.

En Mesía, a 22 de decembro de 2009. O ALCALDE, Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Comeza o Sr. Alcalde explicando que se presenta ó pleno un proxecto de orzamento integrado por todos os documentos legalmente establecidos, cos seus correspondentes informes e axustado á legalidade vixente.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, en materia de ingresos, fíxose un análise rigoroso dos mesmos para elaborar o orzamento, ós efectos de que o documento sexa útil e operativo. En materia de impostos hai unha diminución na previsión de 34.000 euros respecto do exercicio anterior, co fin de axustarnos máis á realidade dos ingresos efectivamente realizados; en taxas e outros ingresos faise unha previsión similar á do ano pasado; en materia de transferencias correntes prodúcese un incremento notable, duns 120.000 euros, que ven motivado, por unha banda, polas aportacións da Xunta de Galicia derivadas da Lei de Dependencia, xa que a propia Xunta sufraga o custo das auxiliares de axuda a domicilio destinadas a ese fin; por outra banda, pola inclusión no Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña de 89.000 euros para financiar gasto corrente; e por último, porque tamén prodúcese un incremento nas aportacións da Deputación da Coruña. En canto os ingresos patrimoniais, tamén se produce unha pequena diminución, sobre todo pola caída de intereses de contas bancarias. Polo tanto, globalmente, temos previsto un ingreso por operacións correntes que ascende a 1.721.911,27 euros, o que nos permite afrontar o gasto corrente previsto e inclusive facer un pequeno aforro para afrontar gasto de inversión. No capítulo seis é onde se produce a maior merma de ingresos respecto do exercicio anterior. Este ano as transferencias de capital a recibir ascenden a 407.000 euros, o que supón unha diminución de 360.000 euros respecto ó pasado ano. Neste aspecto detereime máis adiante. En conclusión, o conxunto de ingresos, redúcese, respecto ó ano pasado, nun seis e medio por cento.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, no que respecta ó estado de gastos, cuxo importe, loxicamente, é o mesmo que o de ingresos xa que o orzamento preséntase equilibrado, fomos quen de ser tamén extremadamente rigorosos e austeros. No capítulo de gastos de persoal, que ascende a 855.000 euros, prodúcese un incremento de 237.000 euros respecto ó exercicio anterior. Neste sentido, o noso Concello, dende o cambio producido na Xunta, viu mermada a aportación autonómica ós Plans de Emprego nun sesenta e seis por cento. Ademais, a plantilla tívose que aumentar durante o ano no que respecta ás auxiliares de axuda no fogar, xa que temos a obriga legal de prestar o servizo cando chegan as correspondentes resolucións da Xunta. Estas dúas cuestións motivan o incremento da plantilla no sentido que máis adiante comentarei. No que respecta ós gastos en bens e servizos, increméntase respecto o ano pasado en 51.000 euros. Con este gasto pretendemos realizar actuacións por administración que compensen a merma de transferencias de capital antes sinalada. No capítulo 3 prevense os intereses do préstamo, no capítulo catro tamén se produce unha baixa respecto ó ano pasado, e, en conclusión, como dicía anteriormente, da conxunción de ingreso corrente e gasto corrente, prodúcese un aforro que nos permite afrontar pequenas inversións. En canto ás inversións, ascenden a 534.000 euros, producíndose unha diminución de 416.000 euros respecto ó exercicio anterior. O capítulo oito está dotado sistematicamente con 2.000 euros, por si houbera que realizar algún anticipo ó persoal que traballa no concello e o capítulo nove contempla a amortización do préstamo, 18.935,09 euros. A estes efectos, os gastos da débeda ascenden a 23.512 euros, o 1,1% do orzamento, estando pendentos de amortizar 265.000 euros.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, en canto ó cadro de persoal, e sen prexuízo das adaptacións legais pertinentes, dada a conxuntura económica desfavorable considerouse



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

viable xerar algo de emprego, vendo que de xaneiro a xuño perdéronse mil cincocentos postos de traballo nos concellos galegos e que incluso hai concellos que teñen dificultades para pagar as nóminas. E así, se crean oito novos postos con cargo ó concello, dous peóns, un electricista, tres auxiliares de axuda no fogar, e un monitor de tempo libre e un monitor deportivo, orientados estes a actividades lúdicas, deportivas e culturais. En total corenta e seis persoas, unhas financiadas integramente polo Concello, outras pola Xunta ou pola Deputación.

O plan de Investimentos reflicte, como xa dixen, unha merma de 416.000 euros respecto do exercicio pasado. O ano pasado a Xunta aportou 200.000 euros para obras e este ano aporta só 41.000 euros. A Deputación, así mesmo, merma en 120.000 euros a súa aportación. Nembargante, faranse obras en diversos ámbitos, e así, cunha ruta de sendeirismo poñeremos en valor o noso patrimonio cultural e natural, cos parques infantís atenderemos ós nosos nenos, coa depuradora potenciaremos as infraestruturas e servizos básicos, e así mesmo faremos tamén inversión no eido deportivo, acondicionando os vestiarios do campo de fútbol de Visantoña, faremos arranxos nos nosos viarios e tamén melloraremos o local social de Fachas. Co próximo Fondo Estatal acondicionaremos tamén outros locais. Quedan así mesmo dúas partidas de carácter máis xenérico para facer fronte, no seu caso, as aportacións municipais a algunha subvención de carácter supramunicipal que puidera obterse.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que, a pesar da diminución das aportacións supramunicipais, este ano temos apalabrada obra que triplica o investimento que se dixo antes aquí. E así, 353.000 euros da Consellería de Medio Rural e o Ministerio de Agricultura, 1.167.000 euros da Deputación para obras de sendas peonís totalmente formalizado, e 325.000 euros do fondo Estatal para o ano 2010. O montante ascende a 1.845.000 euros, que triplica o anexo de inversións para o 2010. Por outra banda, estamos esperando 2.100.000 euros da Xunta de Galicia, dos que 1.300.000 euros corresponden ó proxecto de rede de abastecemento de auga potable, adxudicado provisionalmente a TRAGSA e do que non sabemos nada, e uns 800.000 euros que corresponden ó Centro de Día.

Quero concluír, di o Sr. Alcalde, apuntando catro cousas, en primeiro lugar, que a este orzamento se lle deron moitas voltas e se fixo un análise exhaustivo do mesmo, tanto no ingreso como no gasto; en segundo lugar, que fomos absolutamente austeros no gasto, evitando gasto superfluo, conxelando, ademais, as retribucións dos políticos, tanto do alcalde e concelleira con dedicación exclusiva, como as asistencias a órganos colexiados dos restantes concelleiros; en terceiro lugar, adóptanse medidas contra a crise, creando oito prazas na plantilla a cubrir neste ano, o que nun concello como o noso coido que é algo moi bo; e cuarto, o orzamento vai dotado de investimentos orientados ós sectores máis vulnerables, os nenos e a terceira idade, polo que coido que ten un gran calado social. Temos, a día de hoxe, cincuenta usuarios do servizo de axuda a domicilio, catorce pola Lei de dependencia e trinta e seis con cargo ó concello, o que non ten nin a Mancomunidade nin o Concello de Ordes. Neste sentido, a Xunta falaba de dedicar ata un 7% a gasto social, nós duplicamos esa porcentaxe e estamos orgullosos deso.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pídolles, conclúe o Sr. Alcalde, por todo o antedito, o seu apoio ó presuposto. Coido que é bo deixar de facer demagogia e poñernos a remar todos xuntos en aras a seguir prestando os máximos servizos ós nosos veciños, que é para o que nos elixiron.

De seguido, o Sr. Alcalde pásalle a palabra ó voceiro do grupo municipal do BNG, o Sr. Pedreira Candal.

Comeza dicindo o Sr. Pedreira que ten unha serie de preguntas para o Sr. Alcalde:

- Gustaríame saber qué inversións hai en materia de medio ambiente, especialmente en relación co tema do Punto Limpo e a instalacións de contenedores de papel.
- Qué gasto hai dedicado a cultura e, especialmente, no tema de promoción da lingua.
- En qué consiste unha inversión de 782.000 euros en Cumbraos.
- Os postos de traballo ós que vostede fai referencia, son novos porque non existían, ou é que antes pagaban outros e agora paga o Concello.

De seguido, o Sr. Alcalde pásalle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Álvarez Monteserín.

Comeza dicindo o Sr. Álvarez que agradece o despece dos presupostos que fixo o Sr. Alcalde, así como a dimensión social dos mesmos. Lémbrolle así mesmo que no diario Oficial de Galicia do 24 de decembro saen unhas axudas do AGADER nas que poderían ter cabida algún dos gastos de inversión dos que falou o Sr. Alcalde. En canto ó tema dos postos de traballo, preocúpame que poidamos xerar expectativas que despois non poidamos cumprir. Gustaríame que o Sr. Alcalde me aclarara o investimento en equipamentos deportivos e tamén qué máis se vai facer no tema dos locais sociais. E encanto ós 353.000 euros da Consellería de Medio Rural, supoño que será o tema do acceso a núcleos de poboación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando, en primeiro lugar, en relación coas preguntas do Sr. Pedreira, que o tema do Punto Limpo levarase ó vindeiro pleno. É unha obra apalabrada co goberno anterior e estamos á espera dos permisos necesarios. En canto á instalación de contenedores, nós xa temos contenedores, o problema é que nos recollan o papel e o reciclen, o que é carísimo, pero estou facendo xestións, incluso para facer tamén a recollida selectiva de voluminosos. No tema da promoción da lingua, ademais de facelo en todas as actividades do concello, temos unha normalizadora lingüística que, na súa medida, fai as correccións e aportacións oportunas. A inversión pola que me pregunta é, efectivamente, unha senda peonil en Cumbraos dun quilómetro e medio. A outra senda é en Castro, e estes días sae publicada a contratación no BOP. En canto ós postos de traballo, diferéncianse dos subvencionados en que estes están presupostados para todo o ano. E en canto ó gasto en cultura, en xeral, debido á nova estrutura orzamentaria, tería que facer un desglose pormenorizado que agora non podo facer, pero podo dicirlle que ano tras ano



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

destínanse cada vez máis recursos. No vindeiro pleno, traerille o correspondente desglose.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo, en relación co manifestado co Sr. Álvarez, que agradezo o seu recoñecemento pero non é máis fácil a prestación de servizos sociais por ter xa as cosas feitas de antes, xa que este equipo de goberno foi quen de facer unha rede de auga potable e saneamento, a recollida de residuos, ou o mantemento de viarios, así que agradezo as súas palabras, pero non porque estiveran as cosas feitas, senón porque atopamos un campo en barbecho. En canto ó tema dos postos de traballo, a única oscilación ven dada pola natureza da relación, xa que agora a temporalidade é como mínimo de un ano. En canto a obras en equipamentos deportivos, no pavillón de Xanceda non se prevé nada novo, pero aí xa se acometeu unha obra importante no seu día. As melloras no eido deportivo consisten no arranxo de vestiarios do campo de fútbol de Visantón. No tema dos locais sociais, vanse facer arranxos no local de Fachas, pero no vindeiro Fondo Estatal meteremos algunha cousa máis, xa que queremos dotar a todas as parroquias dun local axeitado.

Pide a palabra o Sr. Pedreira, xa que quere manifestar o sentido do seu voto. Concédella o Sr. Alcalde e di o Sr. Pedreira que a nosa postura vai ser a abstención, xa que si ben nos congratulamos da data en que se presenta o orzamento e a profusa explicación do Sr. Alcalde, prodúcese unha merma do cincuenta por cento nas transferencias de capital doutras Administracións Públicas e un descenso dos ingresos e dos gastos, pero tamén se nos anuncian inversións superiores ó montante total do orzamento, polo que se dota de provisionalidade ó orzamento. Discrepamos ademais no punto de que se creen oito novos postos de traballo, xa que é algo temporal, e neste concello xa chegou a traballar máis persoal que agora nalgunhas áreas. O orzamento sofre despois modificacións, polo que quedamos a expensas de ver cómo se vai executando o presuposto e qué pasa co que se nos anuncia pero non se nos presenta.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, sinalando que vostede xa fixo na Comisión de Contas a valoración que estimou conveniente, ademais, as inversións apalabradas que incrementan a inversión prevista é algo habitual, e o ano pasado invertéronse aquí case tres millóns de euros a maiores do millón do orzamento, algo que falando en serio, debería recoñecerse. Escoitando a súa valoración, coido que a vindeira ocasión, a mesma resultárame irrelevante.

Pide de seguido a palabra o Sr. Álvarez e concédella o Sr. Alcalde. Manifesta o Sr. Álvarez que vostede, como Alcalde, está lexitimado para elaborar o presuposto, e este é o seu presuposto e está ben feito, pero o eu voume abster porque este é o seu modelo de xestión, non o meu.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, aprobándose co seguinte resultado: aprobación da mesma por cinco votos a favor, correspondentes ós concelleiros presentes do PsdeG-PSOE, e tres abstencións, dous



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

correspondentes ós concelleiros pertencentes ós grupo municipal do BNG, e unha correspondente ó concelleiro presente do grupo municipal do PP.

2. SEPARACIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE MESÍA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

SEPARACIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE MESÍA DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES

Mariano Iglesias Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Mesía, A Coruña

EXPÓN:

1.º Considerando que nos últimos anos este concello non recibiu da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes ningún dos servizos que nos seus estatutos se referencian como finalidade dela e, aqueles servizos que estaría en condicións de prestarnos, o Concello de Mesía estaos xestionando directamente e dunha forma totalmente satisfactoria.

2.º Visto que en sesión celebrada en data 26 de setembro de 2008, o Concello Pleno de Mesía, por unanimidade dos membros presentes, acordou aprobar os Estatutos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, na súa versión definitiva de 7 de marzo de 2006, posteriormente publicada no DOG nº 220, de data 12 de novembro de 2008, si ben, na sinalada sesión, todos os grupos municipais xa manifestamos a nosa inqueda polo funcionamento da Mancomunidade e a ausencia total de beneficios para o noso concello, polo que acordouse a aprobación da modificación dos Estatutos con vistas a que, nun tempo prudencial, a situación mellorase respecto ó concello de Mesía, pero deixando a salvo a posibilidade de que, se non había cambios que melloraran no funcionamento da Mancomunidade, analizaríamos novamente o tema e plantexaríamos saír ou quedar nela.

3º Considerando que xa leva transcorrido xa máis dun ano dende entón, e temos constatada a total e absoluta ausencia de perspectiva de que o funcionamento da Mancomunidade cambie en aras a cumprir os obxectivos da súa creación e que detalladamente definen os seus estatutos, e visto tamén que e tras os cambios nos cargos orgánicos da Dirección da Mancomunidade, isto non supuxo nin un revulsivo nin unha variación no seu funcionamento.

4.º Estimando este grupo de goberno seguir pertencendo á Mancomunidade de Municipios de Ordes causa un gravame económico totalmente desproporcionado para as arcas do concello en comparación cos servizos que dela se perciben.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

5.º De conformidade cos artigos 20 e 21 dos Estatutos da Mancomunidade, que sinalan:

“Artigo 20. Separación dos concellos

1. Calquera dos concellos integrantes poderase separar voluntariamente da mancomunidade tras a liquidación das débedas pendentes e cando transcorrese un prazo mínimo de dous anos desde a súa incorporación a ela.

2. A separación da mancomunidade deberá ser comunicada cun ano de antelación contado desde a correcta notificación á mancomunidade do acordo de separación.

3. A separación dos concellos suporá, necesariamente, a modificación dos estatutos da mancomunidade”

“Artigo 21. Liquidación económica dos concellos que se separen da mancomunidade

1. O concello que se separe deberalle aboar á mancomunidade as débedas pendentes previamente ao acordo definitivo de separación, se é o caso.

2. A mancomunidade non está obrigada a aboarlle ao concello que se separe dela o saldo acredor que, se é o caso, este manteña con ela. Este dereito quedará en suspenso ata o día en que se produza a disolución da mancomunidade e o saldo virá determinado pola parte alícuota que lle corresponda ao concello no patrimonio resultante da liquidación. Porén, a Xunta da Mancomunidade poderá anticipar o pagamento do saldo acredor se a situación económica da entidade o permite e iso non comporta prexuízos para a xestión do servizo.

3. Os concellos que se separen non poderán alegar ningún dereito á utilización dos bens e servizos da mancomunidade, aínda que estean no seu termo municipal.”

Visto así mesmo que o artigo 143 da Lei de Administración Local de Galicia establece: “En caso de que un municipio decida unilateralmente separarse da mancomunidade, manifestarao cun ano de antelación, sen deixar de cumprir cos compromisos contraídos nese prazo.”

6º Non olvidando que este Concello ten pendente unha débeda coa Mancomunidade desglosada con arranxo a unha táboa de financiación aprobada pola propia Mancomunidade e que remata en 2011.

Por todo elo, PROPÓN ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Decidir a separación voluntaria do Concello de Mesía da súa pertenza á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, comunicándoo á Mancomunidade.

Segundo.- Propoñer á Xunta Directiva da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes que respecte o cadro financeiro de amortización de débeda que este concello mantén con ela e que no seu día lle aprobou.

Mesía, 22 de decembro de 2009. O Alcalde, Asdo.:Mariano Iglesias Castro “

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que este tema xa foi tratado nun Pleno anterior, como se di na proposta, e, a día de hoxe, non se vislumbra ningún cambio. Dos dezanove puntos que se recollen nos estatutos como obxectivos da mancomunidade, unicamente recibimos algunha charla informativa por psicólogos no colexio ou asistencia psicolóxica a inmigrantes e emigrantes retornados. En canto ó tema do axente de



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

desenvolvemento local e dos servizos sociais xa o prestamos nós, e estamos encantados e moi satisfeitos co xeito co que o estamos a prestar. Polo antedito, a pertenza á mancomunidade supón un gravame de en torno ós dezaoito mil euros anuais, o que nos parece unha sen razón e un despilfarro, xa que eses cartos poderían reubicarse noutro tipo de gasto.

Cede a palabra o Sr. Alcalde ós voceiros dos distintos grupos municipais, por si queren manifestar algo ó respecto, manifestando o Sr. Pedreira que o seu grupo considera que as mancomunidades abaratan custes, son útiles e propician oportunidades para concellos como o noso, polo que entendemos que deberíamos seguir nela. Que está mal, que é inútil, que non presta servizos importantes, tamén, pero coido que o concello de Mesía debe loitar dende dentro para cambiar a mesma. No estamos de acordo coa postura de fuxir e creemos que é un erro.

De seguido, toma a palabra o Sr. Álvarez, quen pregunta en primeiro lugar canto nos custaría separarnos, ó que resposta ó Sr. Alcalde que a separación non ten ningún custo engadido, unicamente o feito de comunicar a saída obríganos a permanecer un ano máis nela. Ademais, nos temos unha débeda coa mancomunidade de en torno ós vintedous mil euros máis xuros de demora e pagos atrasados, pero o feito de saír non nos acarrea máis gasto.

Continúa o Sr. Álvarez manifestando que a mancomunidade non funciona porque a xente que está nela non funciona, porque tamén hai mancomunidades que si funcionan. Vostede bótalle a culpa á mancomunidade como ente abstracto e iso non é serio. Os concellos pequenos como o noso cada día imos telo máis difícil, e o camiño vai ser participar en órganos supramunicipais. Os novos fondos europeos vanse xestionar a través de organismos supramunicipais e, por exemplo, o servizo de recollida de papel, debería prestalo a mancomunidade. Por todo isto, o noso grupo vai votar en contra da saída da mesma.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, dicindo que coincide cos voceiros dos grupos, e entono o mea culpa, pero coido que, a pesares do meu empeño, non vai cambiar. Este é un tema ó que o grupo de goberno venlle dando moitas voltas, e xa manifestei as miñas reticencias, pero esta é unha decisión que ten que adoptarse pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación, e non é unha decisión frívola, polo que prégolles que a consideren.

Toma a palabra o Sr. Álvarez manifestando que o compromiso debe ser dos sete concellos, ten que ser un proxecto no que hai que crer e plantexarse dende o punto de vista político, xa que os sete concellos non poden quedar á marxe do que suceda mañá cos fondos europeos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que coido que non vai ser así; é máis, xa verán como nos vindeiros meses esta proposta se levará ó Pleno dalgún outro concello membro da mancomunidade.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: cinco votos a favor, correspondentes ós concelleiros presentes do PsdeG-PSOE, e tres votos en contra, dous correspondentes ós concelleiros pertencentes ó grupo municipal do BNG, e un correspondente ó concelleiro presente do grupo municipal do PP, quedando, polo tanto, rexeitada a proposta ó ser necesario o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as dez horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.